

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

6070 *Real decreto 360/2009, do 23 de marzo, polo que se establecen as bases do programa coordinado de loita, control e erradicación da enfermidade de Aujeszky.*

A Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, establece no seu artigo 6 que as administracións públicas adoptarán os programas e actuacións necesarias en materia de sanidade animal, no ámbito das súas respectivas competencias.

Así mesmo, a Decisión 2008/185/CE, da Comisión, do 21 de febreiro de 2008, pola que se establecen garantías suplementarias nos intercambios intracomunitarios de animais da especie porcina en relación coa enfermidade de Aujeszky, así como os criterios para facilitar información sobre a dita enfermidade, que derogou a Decisión 2001/68/CE, da Comisión, do 23 de xullo de 2001, pola que se establecen garantías suplementarias nos intercambios intracomunitarios de animais da especie porcina en relación coa enfermidade de Aujeszky, así como os criterios para facilitar información sobre a dita enfermidade e pola que se derrogan as decisións 93/24/CEE e 93/244/CEE, dispón que no Estado membro ou rexión de orixe dos animais se conte cun plan de loita, control e erradicación da enfermidade de Aujeszky, o cal se ordenou en España mediante o Real decreto 427/2003, do 11 de abril, polo que se establecen as bases do programa coordinado de loita, control e erradicación da enfermidade de Aujeszky. En función da favorable evolución da enfermidade en España, modificouse o citado real decreto co fin de intensificar e reforzar as medidas naqueles puntos que se consideraban críticos. Así, publicouse o Real decreto 206/2005, do 25 de febreiro, polo que se modificou o Real decreto 427/2003, do 11 de abril, e posteriormente o Real decreto 636/2006, do 26 de maio, polo que se establecen as bases do programa nacional de loita, control e erradicación da enfermidade de Aujeszky, que derogou o anterior.

A aplicación do programa de loita, control e erradicación da enfermidade de Aujeszky durante os últimos anos permitiu importantes logros na situación epizootiolóxica da enfermidade no noso país, o cal se reflectiu na recente inclusión das comunidades autónomas de Galicia, País Vasco, Asturias, Cantabria, Navarra, La Rioja, e das provincias de León, Zamora, Palencia, Burgos, Valladolid e Ávila da Comunidade Autónoma de Castilla y León, así como da provincia de Las Palmas na Comunidade Autónoma de Canarias, na lista do anexo II da Decisión 2008/185/CE, da Comisión, do 21 de febreiro de 2008.

Nestes momentos, e dentro do marco xa mencionado da Lei 8/2003, do 24 de abril, cómpre adecuar os requisitos e actuacións que é necesario efectuar nas explotacións, incrementando as exixencias sanitarias de forma correlativa co avance da situación en España, seguindo en vigor a obriga de incluír os datos sobre o estatuto sanitario derivado do control da enfermidade de Aujeszky, para os animais da especie porcina, nas bases de datos informatizadas conforme o disposto no artigo 12.2.B.c) do Real decreto 1716/2000, do 13 de outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais das especies bovina e porcina.

Esta disposición foi sometida a consulta das comunidades autónomas e das entidades representativas dos sectores afectados.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de marzo de 2009,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as bases do programa coordinado para a loita, control e erradicación da enfermidade de Aujeszky, de aplicación en todo o territorio nacional.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto serán de aplicación as definicións establecidas nos números 6, 17, 22 e 23 do artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e no artigo 2 do Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas. Así mesmo, serán de aplicación as clasificacións contidas no artigo 3 do Real decreto 324/2000, do 3 de marzo.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Explotación: calquera instalación, construción e, no caso de cría ao aire libre, calquera lugar en que se manteñan, críen ou manexen animais da especie porcina, *Sus domesticus* ou *Sus scrofa*, a excepción dos matadoiros.

b) Explotación indemne e explotación oficialmente indemne da enfermidade de Aujeszky: aquelas que cumpran en cada caso os requisitos establecidos no artigo 6.

c) Provincia, illa, comarca veterinaria ou unidade veterinaria local indemne ou oficialmente indemne da enfermidade de Aujeszky: aquelas que cumpran en cada caso os requisitos establecidos no artigo 6.

d) Ciclo pechado: aquela explotación de produción en que todo o proceso produtivo, é dicir, o nacemento, a cría, a recría e a ceba, ten lugar nunha mesma explotación, utilizando unicamente a produción propia.

e) Área: a zona xeográfica concreta delimitada pola autoridade competente e establecida por esta como área epizootiolóxica de actuación para a aplicación dos plans de vacinación previstos no artigo 4 e dos programas de erradicación regulados no artigo 14.

f) Comarca veterinaria: unidade epizootiolóxica establecida para valorar a situación sanitaria dentro de cada comunidade autónoma ou das cidades de Ceuta e Melilla, así como para a vacinación prevista no artigo 4 e os controis serolóxicos establecidos no artigo 8 e nos anexos deste real decreto.

g) Explotacións A0: aquelas en que se descoñece a situación en canto á vacinación ou dos controis serolóxicos nos últimos doce meses, ou non se cumpre o programa de vacinación ou dos controis serolóxicos.

h) Explotacións A1: aquelas en que se cumpre o programa de vacinación e os controis serolóxicos, con diagnóstico positivo fronte á glicoproteína gE do virus da enfermidade de Aujeszky no último control oficial efectuado.

i) Explotacións A2: aquelas en que se cumpre o programa de vacinación e os controis serolóxicos, con resultado negativo fronte á glicoproteína gE do virus da enfermidade de Aujeszky no último control oficial efectuado, sen que se iniciasen aínda as actuacións precisas para a súa cualificación, ou sen que, téndoas iniciado, as finalizasen.

j) Explotacións A3 ou A4: as explotacións con cualificación sanitaria de indemne ou oficialmente indemne, respectivamente.

k) Veterinario responsable do programa na explotación: o veterinario, distinto do oficial, designado polo titular da explotación, como responsable do seguimento do programa de vacinacións establecido e da anotación e comunicación das vacinas, así como, de ser o caso, da verificación da realización dos controis serolóxicos obrigatorios.

l) Porco de produción: todo animal da especie porcina cuxo destino é a engorda para o seu posterior sacrificio e que en ningún momento se vaia empregar como reprodutor. No ámbito deste real decreto, e só en relación cos movementos, aqueles animais menores de 70 días naturais pertencentes a un sistema de produción en fases terán a consideración de animais de produción.

m) Porco de cría: todo animal da especie porcina cuxo destino sexa a reprodución.

Artigo 3. *Notificación obrigatoria da enfermidade.*

A enfermidade será obxecto de notificación obrigatoria conforme o establecido no Real decreto 617/2007, do 16 de maio, polo que se establece a lista de enfermidades animais de declaración obrigatoria e se dá a normativa para a súa notificación.

Artigo 4. *Pauta de vacinación.*

1. Establécese a vacinación obrigatoria de todos os reprodutores, cando menos, tres veces ao ano, de forma simultánea e a intervalos regulares, e de todos os animais de cría ou ceba, cando menos dúas veces durante o período de crecemento ou de engorda, aplicando a primeira vacinación entre as 10 e 12 semanas de vida, e a seguinte entre tres e catro semanas despois.

Non obstante o anterior, os animais de cría ou de ceba maiores de seis meses serán vacinados, cando menos, cunha terceira dose ao cumpriren esta idade e serán revacinados cada catro meses, ata a súa saída da explotación.

Nos cebadeiros e nas explotacións de produción situadas en zonas de alta concentración de porcino nos que as circunstancias epizootiolóxicas así o aconsellen efectuaranse tres vacinacións antes da súa saída a matadoiro.

Todo animal futuro reprodutor deberá ter sido vacinado, cando menos, tres veces antes de entrar no ciclo reprodutivo, administrándose a terceira dose entre as 21 e as 24 semanas de vida.

2. Exceptuaranse da obrigatoriedade de vacinación os animais pertencentes a explotacións que estean cualificadas como oficialmente indemnes da enfermidade de Aujeszky, ou que, logo de solicitude e autorización pola autoridade competente, estean en vías de obter a dita cualificación.

Así mesmo, e non obstante o disposto no número 1, a autoridade competente poderá exceptuar da vacinación os animais maiores de seis meses mantidos en explotacións extensivas de ceba en montañeira que nun prazo máximo de 30 días naturais desde a finalización do último intervalo de catro meses se destinen a matadoiro.

3. Os plans de vacinación que se establezan para cada área serán uniformes e definidos pola autoridade competente, a cal poderá establecer, para aquelas explotacións en que así o considere necesario, programas específicos que amplíen o programa de vacinación básico obrigatorio previsto no número 1, en función dun estudo previo da dinámica da enfermidade. O control e seguimento da vacinación estará baseado, polo menos, no censo medio da explotación, na orientación produtiva e nos intervalos teóricos da pauta establecida.

4. Se o propietario non realizar as actuacións previstas en cada caso nos números anteriores deste artigo, a autoridade competente en cuxo ámbito territorial se encontren as explotacións porcinas poderaas executar cos seus propios medios ou utilizando servizos alleos, á custa do citado propietario, cuxo importe lle poderá ser exixido por vía executiva, con independencia das sancións ou multas coercitivas que procedan.

5. No suposto de que a autoridade competente pretenda exceptuar da vacinación prevista neste artigo determinadas explotacións ou áreas ou todo o territorio dunha comunidade autónoma ou cidades de Ceuta e Melilla, os órganos competentes que desexen acollerse a estas excepcións someterano á consideración e informe previo do Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria regulado no Real decreto 1440/2001, do 21 de decembro, polo que se establece o sistema de alerta sanitaria veterinaria, en función da competencia que lle corresponde segundo o establecido no artigo 5 do devandito real decreto.

Artigo 5. *Requisitos, aplicación e uso das vacinas.*

1. As vacinas que se utilizarán no gando porcino serán as que cumpran os requisitos establecidos no anexo I. A utilización destas vacinas farase sempre baixo coñecemento e control da autoridade competente.

2. As vacinas serán aplicadas polo veterinario responsable do programa na explotación, ou baixo a súa supervisión. Unha vez vacinados os animais, o dito veterinario procederá a anotar nun rexistro específico, ou no previsto no artigo 8 do Real decreto 1749/1998, do 31 de xullo, polo que se establecen as medidas de control aplicables a determinadas substancias e os seus residuos nos animais vivos e os seus produtos, os datos mínimos seguintes: vacina utilizada, incluído o seu nome comercial e número de lote, data de vacinación, así como identificación, número e idade dos animais vacinados. Tal anotación entenderase sen prexuízo das comunicacións ou partes de vacinación que deberán remitirse á autoridade competente coa periodicidade prevista por esta.

3. Os controis oportunos da aplicación das vacinas realizados pola autoridade competente poderán incluír controis serolóxicos dos animais na explotación ou en matadoiro.

Artigo 6. *Cualificación sanitaria.*

1. Para que unha explotación poida ser cualificada sanitariamente, o titular ou responsable da explotación deberá solicitar á autoridade competente a correspondente cualificación. No caso de explotacións integradas nunha agrupación de defensa sanitaria gandeira, a solicitude poderá efectualá tamén o representante da dita agrupación. No caso dunha comarca veterinaria, unidade veterinaria local, provincia ou illa, poderano solicitar as agrupacións de defensa sanitaria gandeira ou a maioría dos titulares das explotacións gandeiras da comarca, unidade veterinaria local, provincia ou illa, segundo corresponda. Así mesmo, a cualificación poderá ser iniciada de oficio pola autoridade competente en todos os casos.

2. Para poder obter a cualificación de provincia, illa, comarca veterinaria, unidade veterinaria local ou explotación indemne ou oficialmente indemne da enfermidade de Aujeszky, deberanse cumprir os requisitos establecidos, para cada caso, nos anexos II e III.

3. Os centros de inseminación artificial que subministren doses seminais a calquera outra explotación, as explotacións de selección e as de multiplicación, de recría de reproductoras e de transición de reproductoras primíparas así como aquelas con sistema de produción extensiva segundo o Real decreto 1132/1981, do 24 de abril, sobre ordenación sanitaria e zootécnica das explotacións porcinas extensivas, que estean autorizadas pola autoridade competente para a venda de animais de cría, deberán estar cualificados sanitariamente como oficialmente indemne ou indemnes da enfermidade de Aujeszky.

4. O titular ou responsable dunha explotación de produción que leve máis de 12 meses consecutivos coa clasificación A2, deberá iniciar o proceso de cualificación sanitaria dela. En caso contrario estas explotacións pasarán a considerarse, para efectos de movementos de animais, como explotacións A1, sen prexuízo de que se proceda ao inicio da cualificación de oficio por parte das autoridades competentes.

Artigo 7. *Agrupacións de defensa sanitaria.*

1. As agrupacións de defensa sanitaria do gando porcino, establecidas segundo o disposto no Real decreto 1880/1996, do 2 de agosto, e na correspondente normativa autonómica, polo que se regulan as ditas agrupacións, así como os grupos de saneamento porcino, deberán adoptar un programa sanitario fronte a esta enfermidade adaptado ao disposto neste real decreto. Os resultados deste programa serán valorados anualmente pola autoridade competente, co obxecto de verificar a evolución da taxa de prevalencia anual respecto á do ano anterior.

2. As cooperativas agrarias e as de explotación comunitaria da terra e, en xeral, calquera tipo de asociacionismo de titulares de explotacións agrarias, poderán adoptar, de forma voluntaria, programas sanitarios fronte á enfermidade de Aujeszky, complementarios ao previsto neste real decreto, que deberán ser aprobados pola autoridade competente.

Artigo 8. Vixilancia epizootiolóxica da enfermidade e criterios para a determinación da taxa de prevalencia.

1. Efectuaranse controis en todas as explotacións con animais reprodutores, para determinar o número e a porcentaxe de explotacións infectadas de acordo cunha mostraxe para determinar a presenza da enfermidade suposta unha prevalencia mínima do 5 por cento, cun grao de confianza do 95 por cento, de acordo coas táboas do anexo IV.

2. A autoridade competente determinará, cando menos anualmente, a taxa de prevalencia das súas comarcas veterinarias ou unidades veterinarias locais. Para iso determinarase a prevalencia na comarca sobre a base da mostraxe prevista no número anterior, ao ser esta representativa da poboación de cada comarca ou unidade veterinaria local en canto inclúe as explotacións con reprodutores, e en función dela clasificaranse en:

a) Comarca de alta prevalencia (CAP): cunha prevalencia colectiva en explotacións de reprodutoras superior ao 10 por cento.

b) Comarca de baixa prevalencia (CBP): cunha prevalencia colectiva en explotacións de reprodutores superior ao 0 por cento e inferior ou igual ao 10 por cento. En función dos resultados obtidos, estas comarcas diferenciaranse, para efectos do movemento de animais para vida, en 2 grupos:

1°. Comarca cunha prevalencia colectiva en explotacións de reprodutores superior ao 0 por cento e inferior ou igual ao 5 por cento.

2°. Comarca cunha prevalencia colectiva en explotacións de reprodutores superior ao 5 por cento e inferior ou igual ao 10 por cento

3. Establécense controis serolóxicos nas explotacións de ceba en intensivo e ceba en extensivo. Estes controis poderanse facer ben na explotación ou ben no matadoiro, para o cal as autoridades competentes deberán controlar, ao menos unha vez ao ano, o 100 por cento das explotacións. O tamaño da mostra será calculado para determinar a presenza da enfermidade, suposta unha prevalencia mínima do 10 por cento, cun grao de confianza do 95 por cento, de acordo coas táboas do anexo IV.

Non obstante o anterior, establécese unha excepción para aqueles cebadeiros situados no raio de 1 km arredor da explotación cualificada como A3 ou A4, nos que a autoridade competente determinará a realización de controis aleatorios. O tamaño da mostra será calculado para determinar a presenza da enfermidade, suposta unha prevalencia mínima do 10 por cento, cun grao de confianza do 95 por cento de acordo coas táboas do anexo IV.

Caso de se detectaren animais positivos como resultado dos ditos controis, a autoridade competente adoptará as medidas correctoras oportunas.

4. As explotacións de produción que nalgún momento envíen animais para vida deberán realizar no efectivo reprodutor controis serolóxicos periódicos, de acordo cunha mostraxe para determinar a presenza da enfermidade suposta unha prevalencia mínima do 5 por cento, cun grao de confianza do 95 por cento, de acordo coas táboas do anexo IV deste real decreto, cun intervalo máximo entre eles de 170 días naturais, a excepción das explotacións cualificadas como indemnes ou oficialmente indemnes e situadas no territorio do anexo II da Decisión 2008/185/CE, da Comisión, do 21 de febreiro de 2008, pola que se establecen garantías suplementarias nos intercambios intracomunitarios de animais da especie porcina en relación coa enfermidade de Aujeszky.

5. Sen prexuízo do previsto no número 1, nas explotacións de produción de ciclo pechado ou mixto que se diagnosticasen como positivas á gE do virus da enfermidade de Aujeszky no control efectuado sobre o efectivo reprodutor, establécese un control serolóxico obrigatorio dirixido a animais a final de ceba que deberá ser realizado segundo os criterios establecidos no anexo VI deste real decreto, onde se establecen tamén as medidas que se deberán aplicar nestas explotacións en función dos resultados obtidos.

No caso de explotacións de produción de leitóns que realicen a súa propia autorreposición de reprodutores tomaranse como referencia os controis serolóxicos obrigatorios establecidos para os animais destinados a este fin establecidos no artigo 9.2.

Artigo 9. Traslado de animais entre explotacións dentro do territorio nacional.

1. Para introducir animais nunha explotación, provincia, illa, comarca veterinaria ou unidade veterinaria local, cualificada como oficialmente indemne da enfermidade de Aujeszky, deberán proceder dunha explotación con igual cualificación. Para introducir animais nunha explotación, provincia, illa, comarca ou unidade veterinaria local, cualificada como indemne da enfermidade de Aujeszky, deberán proceder dunha explotación cualificada como oficialmente indemne ou indemne da enfermidade.

2. Sen prexuízo do previsto no número anterior, os animais destinados á reprodución deberán proceder, en todo caso, de explotacións cualificadas como oficialmente indemnes ou indemnes da enfermidade de Aujeszky. Así mesmo, cando a explotación de destino teña un estatuto sanitario A1 ou A2, o gandeiro deberá comunicar á autoridade competente, directamente ou a través do veterinario responsable do programa na explotación, con suficiente antelación, a entrada dos futuros reprodutores, e estes animais deberán ser vacinados á súa chegada á explotación. No libro de rexistro da explotación deberá quedar constancia de todas as actuacións realizadas, incluída a identificación individual dos animais de novo ingreso.

Non obstante, no caso de explotacións non cualificadas que realicen a súa propia autorreposición, o titular da explotación comunicará á autoridade competente, directamente ou a través do veterinario responsable do programa na explotación, cunha antelación mínima dun mes, antes de que estes entren no ciclo reprodutivo, co obxecto de realizar un control serolóxico obrigatorio de todos os animais destinados a este fin. Previamente ao chequeo, os animais serán identificados de forma individual segundo se establece no anexo V do Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies bovina, porcina, ovina e caprina. Se o resultado do chequeo é positivo fronte á glicoproteína gE do virus da enfermidade de Aujeszky, estes animais deberán ser segregados, e unicamente os poderán criar como animais de ceba con destino a matadoiro e en ningún caso entrarán no ciclo reprodutivo, e serán marcados, baixo supervisión oficial, de forma indeleble cunha marca específica que consistirá nunha marca auricular de plástico flexible ou de plástico latón, de cor verde, na que irá impresa a lenda «GE+», sendo o tamaño mínimo dos caracteres de 4 mm por 3 mm. Esta identificación será complementaria, non excluínte, da identificación obrigatoria do Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, podendo ir marcada na mesma marca auricular ca esta, ou ben noutra marca auricular distinta. Noutro caso, tras a confirmación do resultado negativo, os animais deberán ser vacinados. Todas estas actuacións deberán quedar reflectidas no libro de rexistro da explotación, incluída a identificación individual dos animais.

Queda prohibido o envío de reprodutores cara a explotacións A0 e cara a explotacións A1 positivas activas ata que a autoridade competente verifique o cesamento da circulación viral na explotación mediante a realización de, cando menos, dous controis serolóxicos consecutivos negativos, cun intervalo mínimo de dous meses, fronte á glicoproteína gE do virus efectuados sobre animais da fase de ceba, ou nas explotacións de produción de leitóns, en animais de autorreposición de idade equivalente a animais de ceba.

3. Os animais destinados a unha explotación sen cualificación sanitaria ou cualificada como indemne, se proceden dunha explotación cualificada como oficialmente indemne da enfermidade de Aujeszky ou en vías de clasificación como tal, deberán ser vacinados nun prazo máximo de sete días naturais desde a súa entrada na explotación e revacinarse ao mes, para continuar as pautas de vacinación da explotación.

4. O movemento de animais para vida, con destino a explotacións de ceba ou produción, cara a comarcas veterinarias ou unidades veterinarias locais de baixa prevalencia, só poderá efectuarse con animais procedentes de explotacións incluídas en comarcas veterinarias de baixa prevalencia, ou procedentes de explotacións cualificadas como indemnes ou oficialmente indemnes. Cando a prevalencia comarcal sexa igual ou menor do 5 por cento as entradas de animais só se poderán autorizar se os animais proceden de explotacións cualificadas como indemnes ou oficialmente indemnes, e daquelas explotacións cualificadas como A2 que, tendo iniciado o proceso de cualificación

como explotación indemne á enfermidade de Aujeszky, realízanse con resultado negativo o primeiro dos controis serolóxicos previstos no número 3 do capítulo 1 do anexo II.

Sen prexuízo do previsto nos parágrafos anteriores, serán de aplicación as seguintes previsións para o movemento de animais: nas explotacións situadas no raio dun quilómetro arredor das explotacións A3 ou A4, soamente poderá autorizarse a entrada de animais procedentes de explotacións A3 ou A4 e daquelas explotacións cualificadas como A2 que, tendo iniciado o proceso de cualificación como explotación indemne á enfermidade de Aujeszky, realízanse con resultado negativo o primeiro dos controis serolóxicos previstos no número 3 do capítulo 1 do anexo II.

As autoridades competentes poderán ampliar o raio dun quilómetro cando as circunstancias epizootiolóxicas o aconsellen.

5. Os animais destinados á reprodución, tanto os de novo ingreso como no caso de explotacións que realicen a súa propia autorreposición, deberán estar identificados individualmente, de forma específica, na forma e condicións previstos na normativa vixente.

6. Queda prohibida a entrada nas explotacións de animais procedentes de explotacións con inferior cualificación sanitaria. No caso de se producir o dito movemento a explotación de destino perderá a súa actual cualificación e obterá a cualificación que posúa a explotación de orixe dos animais.

7. Coa previa autorización das autoridades competentes e só para aquelas explotacións de produción previamente cualificadas como indemnes ou oficialmente indemnes á enfermidade de Aujeszky, nas que se produza unha seroconversión, poderán establecerse excepcións no réxime de movementos previstos neste real decreto, sempre que se cumpran as garantías adicionais recollidas no protocolo elaborado para tal efecto e sometido a consideración e informe do Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria, e se cumpran os requisitos nel recollidos.

8. O envío de porcos cara a matadoiros só se poderá realizar desde explotacións cualificadas A3, A4 ou explotacións A2. Non obstante, poderase autorizar o envío desde explotacións A1, sempre e cando os animais se envíen directamente ao matadoiro, sen mesturarse durante o seu transporte con animais de diferente estatus sanitario, e sexan vacinados fronte á enfermidade de Aujeszky, baixo control oficial, entre 15 e 30 días naturais antes da data de envío.

Os requisitos establecidos neste punto non se terán en conta no envío cara a matadoiro de bacorriños e reprodutores de reforma.

9. Non se autorizará ningún movemento de animais cara a ou desde as explotacións A0. Non obstante o anterior, a autoridade competente poderá autorizar o dito movemento no momento en que se efectuasen os controis previstos no artigo 8 e se procedese a unha vacinación de todo o efectivo segundo a pauta establecida no artigo 4.

Artigo 10. Requisitos específicos para o traslado de animais para vida dentro do territorio nacional.

1. Sen prexuízo do disposto no artigo anterior e das limitacións ou restricións adicionais ao movemento que sexan establecidas pola autoridade competente, deberánse ter en conta as condicións que se prevén nos números 2 e 3 respecto dos movementos para vida en función da explotación de orixe.

2. Non se autorizarán os movementos para vida desde explotacións A1 positivas activas e desde explotacións onde se detecte incumprimento na pauta de vacinación xeral ou específica previstas no artigo 4 ou desde explotacións con reposición positiva ou incumprimento no protocolo de reposición.

3. Só se autorizarán os movementos para vida con destino a outras comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla desde explotacións cualificadas A3 ou A4, salvo nos supostos expresamente previstos neste real decreto.

4. En calquera caso, sen prexuízo do disposto no artigo 9.7, para a autorización pola autoridade competente do traslado dentro do ámbito da comunidade autónoma ou cidades de Ceuta e Melilla de animais procedentes de explotacións de produción positivas estables,

segundo definición do anexo VI, este deberá realizarse de modo que se impida a mestura destes animais cos procedentes de explotacións cualificadas ou con outros estatutos sanitarios. A explotación de orixe estará sometida a un programa de vixilancia e deberá acreditar o cumprimento estrito do programa de vacinación, reposición e seguimento serolóxico. Os animais obxecto do envío serán identificados de forma específica, que consistirá nunha marca auricular de plástico flexible ou de plástico latón, de cor verde, na que irá impresa a lenda «GE+» (o tamaño dos caracteres será mínimo de 4 mm por 3 mm). Esta identificación será complementaria, non excluínte, da identificación obrigatoria do Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, podendo ir marcada na mesma marca auricular ca esta, ou ben noutra marca auricular distinta da do citado real decreto. Ademais, serán vacinados na explotación de orixe antes do seu traslado nas condicións previstas na autorización de comercialización da vacina aplicable para tal efecto.

5. Os movementos para vida dentro e cara a rexións do territorio nacional incluídas no anexo II da Decisión 2008/185/CE, da Comisión, do 21 de febreiro de 2008, rexeranse polo previsto no artigo 9 e polas garantías suplementarias recollidas no anexo VII.

Artigo 11. *Comunicación de información.*

Anualmente, antes do 15 de xaneiro, as autoridades competentes remitirán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, a través da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Ganadeiros, a porcentaxe das explotacións cualificadas respecto da enfermidade e a prevalencia, a que se refire o artigo 8, co fin de elaborar os mapas epidemiolóxicos nacionais, que serán presentados no Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria, así como para a publicación no Boletín Oficial del Estado das comarcas de baixa prevalencia mediante resolución da dita dirección xeral.

Artigo 12. *Control serolóxico.*

As probas para efectuar os controis serolóxicos só serán autorizadas se cumpren a totalidade dos requisitos sinalados no anexo V.

Artigo 13. *Laboratorio nacional de referencia e laboratorios oficiais.*

1. O laboratorio nacional de referencia fronte á enfermidade de Aujeszky é o Laboratorio central de sanidade animal do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, situado en Algete (Madrid). Este laboratorio realizará ensaios en colaboración cos laboratorios das autoridades competentes previstos no número seguinte, co fin de harmonizar de forma coordinada os métodos de diagnóstico.

2. As autoridades competentes poderán designar, no seu ámbito territorial, os laboratorios responsables do diagnóstico de laboratorio da enfermidade ou da realización das análises previstas neste real decreto. Estes laboratorios poderán ter carácter público ou privado recoñecido. No caso de laboratorios privados, sempre que estean autorizados especificamente para realizar os diagnósticos laboratoriais fronte á enfermidade en cuestión, terán que cumprir, cando menos, as disposicións indicadas no artigo 9 do Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais.

Artigo 14. *Programas de erradicación.*

1. As autoridades competentes poderán definir aquelas áreas, cuxas dimensións mínimas serán o ámbito xeográfico dunha agrupación de defensa sanitaria ou unidade veterinaria local, que poidan formar parte dun programa de erradicación que, entre outras medidas, recolla o sacrificio obrigatorio e indemnización de reprodutores. A dita área deberá ter, polo menos, unha situación epizootiolóxica tal que o 99 por cento das explotacións estean cualificadas como indemnes ou oficialmente indemnes.

2. Cando nunha área se inicie un programa de erradicación con sacrificio obrigatorio de reprodutores, os animais que se destinen a esta procederán de explotacións, unidades

veterinarias locais, comarcas veterinarias, illas ou provincias cualificadas como indemnes ou oficialmente indemnes.

3. O sacrificio obrigatorio de reprodutores imposto pola autoridade competente dará dereito á correspondente indemnización por sacrificio obrigatorio, de acordo cos baremos que oficialmente se establezan. Non obstante, unicamente terán dereito a indemnización aqueles propietarios de gando que cumprisen coa normativa vixente en materia de sanidade animal e de rexistro e identificación porcina.

Artigo 15. *Movemento de animais en aproveitamento en montaña.*

Coa autorización previa da autoridade competente de destino, poderanse establecer excepcións ao réxime de movementos previsto nos artigos 9.4, 10.3 e 10.4 para animais que proveñan de explotacións A2 ou A1 positivas estables, segundo o anexo VI, que teñan como fin último o aproveitamento de cebadeiros en montaña, sempre e cando o movemento se realice co previo control serolóxico do 100 por cento dos animais fronte á enfermidade de Aujeszky, só podéndose trasladar aqueles animais que resulten negativos ao control e se previamente se procede á súa vacinación.

Artigo 16. *Marcaxe de animais positivos.*

Cando tras a realización dun control serolóxico o resultado sexa positivo fronte á glicoproteína gE do virus da enfermidade de Aujeszky, no caso de animais reprodutores e baixo supervisión oficial, serán marcados de forma indeleble cunha marca específica que consistirá nunha marca auricular de plástico flexible ou de plástico latón, de cor verde, na que irá impresa a lenda «GE+», sendo o tamaño mínimo dos caracteres de 4 mm por 3 mm. Esta identificación será complementaria, non excluínte, da identificación obrigatoria do Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, podendo ir marcada na mesma marca auricular ca esta, ou ben noutra marca distinta da mencionada neste.

Artigo 17. *Infraccións e sancións.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 8/2003, do 24 de abril, e, de ser o caso, no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde que procederen.

Disposición *transitoria primeira. Movemento para vida cara a comarcas con prevalencia igual ou inferior ao 5 por cento.*

Establécese un prazo máximo de 6 meses desde a entrada en vigor para os requisitos establecidos no artigo 9.4, en relación co movemento de animais para vida cara a explotacións situadas en comarcas con prevalencia igual ou inferior ao 5 por cento.

Disposición *transitoria segunda. Cualificación sanitaria.*

Non obstante o disposto no artigo 6.4, as explotacións de produción que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, leven máis de 12 meses consecutivos coa clasificación A2, disporán dun período máximo de seis meses para iniciar as actuacións analíticas precisas para obter a cualificación sanitaria, durante o cal manterán a clasificación A2 para efectos do movemento de animais.

De non se teren iniciado as ditas actuacións no mencionado prazo, pasarán a ser consideradas como explotacións A1 para efectos do movemento de animais.

Disposición *derrogatoria única. Derrogación normativa.*

Queda derrogado o Real decreto 636/2006, do 26 de maio, polo que se establecen as bases do programa nacional de loita, control e erradicación da enfermidade de Aujeszky.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da regra 16ª do artigo 149.1 da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento e modificación.*

1. Facúltase a ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións que sexan necesarias para o cumprimento e aplicación do disposto neste real decreto.

2. Así mesmo, facúltase a ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, logo de consulta coas comunidades autónomas, para modificar o contido dos anexos deste real decreto, para a súa adaptación ás modificacións que introduza a normativa comunitaria.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de marzo de 200.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.
ELENA ESPINOSA MANGANA.

ANEXO I

Requisitos das vacinas fronte á enfermidade de Aujeszky

1. Requisitos:
 - a) Todas as cepas vacinais utilizadas na elaboración de vacinas contra a enfermidade de Aujeszky deben ser gE negativas (gE-).
 - b) En todos os casos, as vacinas serán atenuadas (vivas).
 - c) As vacinas deberán dispor da autorización previa de comercialización expedida pola Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios, ou estar autorizadas pola Comisión Europea de conformidade co Regulamento (CE) n° 726/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, polo que se establecen procedementos comunitarios para a autorización e o control dos medicamentos de uso humano e veterinario e polo que se crea a Axencia Europea de Medicamentos.
 - d) Para efectos do seu control, as vacinas fabricadas para o mercado comunitario cumprirán as prescricións establecidas na Farmacopea Europea.
 - e) Os distintos lotes serán sometidos a controis oficiais aleatorios por parte do laboratorio nacional de referencia, de acordo co establecido na Farmacopea Europea para control de lotes.
2. Queda prohibida en todo o territorio do Estado español a utilización e tenza de vacinas contra a enfermidade de Aujeszky cuxo antíxeno vírico conteña a glicoproteína gE.

ANEXO II

Explotación, comarca veterinaria, unidade veterinaria local, provincia ou illa indemne da enfermidade de Aujeszky.

CAPÍTULO 1

Obtención do título

Cualificarase unha explotación como indemne da enfermidade de Aujeszky:

1. Cando non se rexistrasen na explotación signos clínicos, patolóxicos ou serolóxicos da enfermidade de Aujeszky durante os últimos 12 meses.
2. Cando se manteña un plan vacinal aprobado pola autoridade competente da comunidade autónoma ou cidades de Ceuta e Melilla.
3. Nas explotacións de selección, de multiplicación e nos centros de inseminación artificial, ademais dos requisitos establecidos nos números 1 e 2 deste capítulo, cando se realizasen dous controis serolóxicos, cun intervalo mínimo de catro meses con resultado negativo fronte á gE do virus da enfermidade de Aujeszky. O primeiro control será realizado en todos os reprodutores. O segundo control será realizado cun tamaño de mostra que permita detectar a presenza da enfermidade cunha prevalencia mínima esperada do 5 por cento e un grao de confianza do 95 por cento, segundo a táboa do anexo IV.

Cando se detecte no primeiro control a presenza dun número de animais non superior ao 1 por cento seroloxicamente positivos á gE do virus da enfermidade de Aujeszky, procederase á confirmación epizootiolóxica, virolóxica ou molecular da enfermidade.

Despois de realizar as ditas probas serolóxicas só existirán na explotación animais nados nela ou que procedan de explotacións da mesma ou superior cualificación sanitaria.
4. Nas explotacións de recría de reprodutores e nas de transición de reprodutoras primíparas, ademais dos requisitos establecidos nos números 1 e 2 deste capítulo, cando reciban animais exclusivamente de explotacións cualificadas como indemnes ou oficialmente indemnes e se realice un control aleatorio en un número que garanta, cun grao de confianza do 95 por 100, detectar a presenza da enfermidade se a súa taxa de prevalencia é, como mínimo, do 2 por 100, de acordo cos tamaños de mostra previstos no anexo IV.

5. Nas explotacións de produción, ademais dos requisitos establecidos nos números 1 e 2 deste capítulo, cando se realizasen dous controis serolóxicos, cun intervalo mínimo de catro meses con resultado negativo fronte á gE do virus da enfermidade de Aujeszky. O primeiro control será realizado sobre todos os reprodutores, ou ben se poderá empregar o sistema alternativo, homoxéneo e protocolizado para toda España, publicado na páxina web RASVE do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e sometido a informe do Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria, sempre que se cumpran os requisitos nel recollidos. O segundo control realizarase cun tamaño de mostra que permita detectar a presenza da enfermidade cunha prevalencia mínima esperada do 5 por cento e un grao de confianza do 95 por cento, segundo a táboa do anexo IV.

Cando se detecte no primeiro control a presenza dun número de animais non superior ao 1 por cento seroloxicamente positivos á gE do virus da enfermidade de Aujeszky, procederase á confirmación epizootiolóxica, virolóxica ou molecular da enfermidade.

As autoridades competentes poderán establecer, complementariamente e de acordo cos tamaños de mostra previstos para o efecto por cada autoridade competente, controis serolóxicos con resultado negativo fronte á gE do virus da enfermidade de Aujeszky, nos animais de cría ou ceba maiores de tres meses.

Despois de realizar as ditas probas serolóxicas só existirán na explotación animais nados nela ou que procedan de explotacións da mesma ou superior cualificación sanitaria.

6. As explotacións de ceba e as de transición de leitóns serán cualificadas como indemnes da enfermidade de Aujeszky se, ademais dos requisitos establecidos nos números 1 e 2 deste capítulo, reciben animais exclusivamente de explotacións cualificadas como indemnes ou oficialmente indemnes e se realiza un control aleatorio en matadoiro ou explotación con resultados negativos, nun número de animais que garanta, cun grao de confianza do 95 por 100, detectar a presenza da enfermidade se a súa taxa de prevalencia é, como mínimo, do 10 por 100, de acordo cos tamaños de mostra previstos no anexo IV.

7. As explotacións de nova creación ou que, tendo estado inactivas durante un período superior a 6 meses, enchan as súas instalacións, como máximo, a partir de dúas explotacións de orixe cualificadas como indemnes ou oficialmente indemnes, obterán a cualificación de indemne se se procedeu á vacinación do 100 por cento dos animais, se mantén o plan vacinal aprobado pola autoridade competente da comunidade autónoma ou Cidade de Ceuta e Melilla, e se realizou un control serolóxico nun número de reprodutores que garanta, cun grao de confianza do 95 por 100, detectar a presenza da enfermidade se a súa taxa de prevalencia é, como mínimo, do 5 por 100, de acordo cos tamaños de mostra previstos no anexo IV.

CAPÍTULO II

Mantemento do título

Manterase o título correspondente da explotación cando se cumpran os seguintes requisitos:

1. Os animais da explotación non presentarán signos da enfermidade.
2. Na explotación estarase a executar satisfactoriamente o programa de vacinación de acordo co establecido no artigo 4.
3. Realizaranse os seguintes controis:
 - a) Explotacións de selección, de multiplicación, de recría de reprodutores, de transición de reproductoras primíparas e centros de inseminación artificial:

Realizaranse nos reprodutores controis serolóxicos cuatrimestrais fronte á gE do virus da enfermidade de Aujeszky, con resultado negativo, cun tamaño de mostra que permita detectar a presenza da enfermidade cunha prevalencia mínima esperada do 5 por cento e un grao de confianza do 95 por cento, segundo a táboa do anexo IV. A mostraxe estará sempre dirixida a reprodutores de diferente idade e en especial aos de novo ingreso.

As autoridades competentes poderán establecer, complementariamente e de acordo cos tamaños de mostra previstos para o efecto por cada autoridade competente, controis serolóxicos con resultado negativo fronte á gE do virus da enfermidade de Aujeszky, nos porcos de cría maiores de tres meses.

Se o sistema de produción é todo dentro-todo fóra, o control realizarase antes da saída dos animais.

b) Explotacións de produción:

1°. As explotacións situadas dentro do territorio nacional no que exista un programa aprobado pola Unión Europea, realizarán anualmente, ao menos, un control serolóxico dos reprodutores, con resultado negativo fronte á gE do virus da enfermidade de Aujeszky, nun número de animais que garanta, cun nivel de confianza do 95 por 100, detectar a presenza da enfermidade se a súa taxa de prevalencia é, como mínimo, do 5 por 100, segundo a táboa do anexo IV.

2°. As explotacións situadas dentro do territorio nacional no que non exista un programa aprobado pola Unión Europea, realizarán nos reprodutores controis semestrais fronte á gE do virus da enfermidade de Aujeszky, con resultado negativo, nun número de animais que garanta, cun nivel de confianza do 95 por 100, detectar a presenza da enfermidade se a súa taxa de prevalencia é, como mínimo, do 5 por 100, segundo a táboa do anexo IV, a excepción dos ciclos pechados e daquelas explotacións de produción situadas en comarcas indemnes ou oficialmente indemnes, que realizarán, cando menos, un control anual.

3°. As autoridades competentes poderán establecer, complementariamente e de acordo cos tamaños de mostra previstos para o efecto por cada autoridade competente, controis serolóxicos con resultado negativo fronte á gE do virus da enfermidade de Aujeszky, nos animais maiores de tres meses.

c) Explotacións de ceba e de transición de leitóns: realizaranse controis serolóxicos semestrais, realizados ben en explotación ou alternativamente en matadoiro, con resultado negativo fronte á gE do virus da enfermidade de Aujeszky, cun tamaño de mostra que permita detectar a presenza da enfermidade cunha prevalencia mínima esperada do 10 por cento e un grao de confianza do 95 por cento, segundo a táboa do anexo IV. Non obstante, nas explotacións situadas dentro do territorio nacional no que exista un programa aprobado pola Unión Europea, o control poderá realizarse anualmente.

CAPÍTULO III

Suspensión e recuperación da cualificación

Cando a suspensión derive do incumprimento do programa vacinal obrigatorio a recuperación da cualificación producirase unha vez acreditada a vacinación correcta dos efectivos presentes da explotación e despois de realizar un control serolóxico con resultado negativo fronte á gE do virus da enfermidade de Aujeszky, nun número de animais que garanta, cun nivel de confianza do 95 por 100, detectar a presenza da enfermidade se a súa taxa de prevalencia é, como mínimo, do 2 por 100, segundo a táboa do anexo IV.

Cando se detecte a presenza de animais clinicamente enfermos ou seroloxicamente positivos á gE do virus da enfermidade de Aujeszky, procederase á confirmación epizootiolóxica, virolóxica ou molecular da enfermidade. Se se confirma esta, quedará suspendida a cualificación da explotación afectada.

Recuperarase a dita cualificación unha vez sacrificados os animais afectados e cando na explotación se realizasen de novo, con resultado negativo, os controis serolóxicos establecidos no capítulo I deste anexo, referidos á obtención do título, sempre que se manteña un plan vacinal aprobado pola autoridade competente.

Ata a recuperación da cualificación só se permitirá o movemento de animais con destino directo a matadoiro. Excepcionalmente poderanse autorizar envíos de animais para vida dentro da propia comunidade autónoma e nunca se poderá dirixir cara a comarcas cualificadas como indemnes ou oficialmente indemnes ou cara a explotacións situadas no raio de 3 km arredor das explotacións A3 ou A4.

Os animais obxecto de movemento terán como destino a ceba e o sacrificio deles, polo que non se poderán destinar en ningún caso á reprodución, e deberán cumprirse as garantías adicionais establecidas no artigo 10.4 e no protocolo para explotacións nas que se produza unha seroconversión, con informe do Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria.

Todas as explotacións porcinas situadas nun raio de 5 km arredor da explotación afectada, así como todas aquelas que tivesen relación epizootiolóxica con ela, deberán ser obxecto dunha investigación epizootiolóxica que incluíra exames clínicos e probas serolóxicas para comprobar se foron ou non infectadas. De acordo con cada situación, as autoridades competentes poderán determinar unha vacinación de urxencia das explotacións afectadas ou en risco.

CAPÍTULO IV

Cualificación de provincia, illa, comarca veterinaria ou unidade veterinaria local como indemne

Consideraranse como tales aquelas en que todas as explotacións incluídas nelas estean cualificadas como indemnes ou oficialmente indemnes da enfermidade de Aujeszky.

ANEXO III

Explotación, comarca veterinaria, unidade veterinaria local, provincia ou illa oficialmente indemne da enfermidade de Aujeszky.

CAPÍTULO I

Obtención do título

Cualificarase unha explotación como oficialmente indemne da enfermidade de Aujeszky:

1. Cando non se rexistrasen na explotación signos clínicos, patolóxicos ou serolóxicos da enfermidade de Aujeszky durante os últimos 12 meses.

Así mesmo, non deberán terse rexistrado signos clínicos, patolóxicos ou serolóxicos da enfermidade de Aujeszky durante os últimos 12 meses nas explotacións localizadas nunha zona de 5 km arredor da explotación. Non obstante, este requisito non será exixible cando nestas explotacións se aplicasen con regularidade, baixo a supervisión da autoridade competente, as medidas de loita, control e erradicación establecidas neste real decreto, sempre que tales medidas evitasen efectivamente a propagación da enfermidade á explotación.

2. Cando non se encontren animais vacinados contra a enfermidade de Aujeszky desde, polo menos, os últimos 12 meses.

3. Nas explotacións de selección, de multiplicación, de produción, de recría de reprodutores, de transición de reprodutoras primíparas e nos centros de inseminación artificial, ademais dos requisitos previstos nos números 1 e 2 deste capítulo, cando se realizasen nos reprodutores, cun tamaño de mostra que permita detectar a presenza da enfermidade cunha prevalencia mínima esperada do 5 por cento e un grao de confianza do 95 por cento, segundo táboa do anexo IV, dous controis serolóxicos, cun intervalo mínimo de catro meses, con resultado negativo en canto á presenza de anticorpos fronte á gE e gB do virus da enfermidade de Aujeszky. Non obstante, aos animais reprodutores que estaban presentes na explotación desde antes da data da suspensión da vacinación, ou que tivesen entrada desde unha explotación oficialmente indemne na que estaban presentes desde antes da data da suspensión da vacinación, só se lles exixirá resultado negativo en canto á presenza de anticorpos fronte á gE do virus da enfermidade de Aujeszky.

As autoridades competentes poderán establecer, complementariamente e de acordo cos tamaños de mostra previstos para o efecto por cada autoridade competente, controis serolóxicos con resultado negativo en canto á presenza de anticorpos fronte á gE e gB do virus da enfermidade de Aujeszky, nos animais de cría ou de ceba maiores de tres meses.

Despois de realizar as ditas probas serolóxicas só existirán na explotación animais nados nela ou que procedan de explotacións da mesma cualificación sanitaria.

A autoridade competente poderá, non obstante, utilizar para a cualificación as recomendacións e guías establecidas pola Comisión Europea ao respecto, de tal maneira que se poderá obter a cualificación como oficialmente indemne coa realización dun único control sempre que o tamaño de mostra permita detectar a presenza da enfermidade cunha prevalencia mínima esperada do 2 por cento e un grao de confianza do 95 por cento, segundo táboa do anexo IV.

4. No caso de explotacións de ceba e das explotacións de transición de leitóns, ademais dos requisitos establecidos nos números 1 e 2 deste capítulo, serán cualificadas como oficialmente indemnes da enfermidade de Aujeszky se reciben animais exclusivamente de explotacións cualificadas como oficialmente indemnes e se fan chequeos aleatorios en matadoiro ou explotación con resultado negativo en canto á presenza de anticorpos fronte á gE e gB do virus da enfermidade de Aujeszky, cun tamaño de mostra que permita detectar a presenza da enfermidade cunha prevalencia mínima esperada do 10 por cento e un grao de confianza do 95 por cento, segundo a táboa do anexo IV.

5. Nas explotacións de nova creación ou que, logo de estaren inactivas durante un período superior a 6 meses, enchan as súas instalacións, como máximo, a partir de dúas explotacións de orixe cualificadas como oficialmente indemnes, obterán esta cualificación se se realizou un control serolóxico, con resultado negativo en canto á presenza de anticorpos fronte á gE e gB do virus da enfermidade de Aujeszky nun número de reprodutores que garanta, cun grao de confianza do 95 por cento, detectar a presenza da enfermidade se a súa taxa de prevalencia é, como mínimo, do 5 por cento, de acordo cos tamaños de mostra previstos no anexo IV.

CAPÍTULO II

Mantemento do título

Manterase o título correspondente da explotación cando se cumpran os seguintes requisitos:

1. Os animais da explotación non presentarán signos da enfermidade.
2. Para o mantemento da cualificación cómpre realizar os seguintes controis:

a) Explotacións de selección, de multiplicación, de recría de reprodutores, de transición de reproductoras primíparas, de produción e centros de inseminación artificial. Realizaranse controis cuatrimestrais nos reprodutores, con resultado negativo fronte á gE e gB do virus da enfermidade de Aujeszky, cun tamaño de mostra que permita detectar a presenza da enfermidade cunha prevalencia mínima esperada do 5 por cento e un grao de confianza do 95 por cento, segundo a táboa do anexo IV.

As autoridades competentes poderán establecer, complementariamente e de acordo cos tamaños de mostra previstos para o efecto por cada autoridade competente, controis serolóxicos con resultado negativo en canto á presenza de anticorpos fronte á gE e gB do virus da enfermidade de Aujeszky, nos animais de cría ou de ceba maiores de tres meses.

A mostraxe estará sempre dirixida a reprodutores de diferente idade e en especial aos de novo ingreso.

b) Explotacións de ceba e de transición de leitóns: realizaranse controis aleatorios cunha frecuencia mínima cuatrimestral, realizados ben en explotación ou alternativamente en matadoiro, con resultado negativo fronte á gE e gB do virus da enfermidade de Aujeszky,

cun tamaño de mostra que permita detectar a presenza da enfermidade cunha prevalencia mínima esperada do 5 por cento e un grao de confianza do 95 por cento, segundo a táboa do anexo IV.

CAPÍTULO III

Suspensión e recuperación da cualificación

Cando se detecte a presenza de animais clinicamente enfermos ou seroloxicamente positivos á gE do virus da enfermidade de Aujeszky, procederáse á confirmación epizootiolóxica, virolóxica ou molecular da enfermidade. Se se confirma esta, quedará suspendida a cualificación da explotación afectada.

Todas as explotacións porcinas situadas nun raio de 5 km arredor da explotación afectada, así como todas aquelas que tivesen relación epizootiolóxica con ela, deberán ser obxecto dunha investigación epizootiolóxica que incluíra exames clínicos e probas serolóxicas para comprobar se foron ou non infectadas. De acordo con cada situación, as autoridades competentes poderán determinar unha vacinación de urxencia das explotacións afectadas ou en risco.

Na explotación infectada recuperarase a cualificación unha vez sacrificados todos os animais afectados, e que na explotación se realizasen de novo, con resultado negativo, os controis establecidos no capítulo I deste anexo, referidos á obtención do título, sempre que non se encontren animais vacinados contra a enfermidade de Aujeszky desde, polo menos, os últimos 12 meses.

Ata a recuperación da cualificación só se permitirá o movemento de animais con destino directo a matadoiro. Excepcionalmente poderán autorizarse envíos de animais para vida dentro da propia comunidade autónoma e nunca poderá dirixirse cara a comarcas cualificadas como indemnes ou oficialmente indemnes ou cara a explotacións situadas no raio de 3 km arredor das explotacións A3 ou A4.

Os animais obxecto de movemento terán como destino a ceba e o sacrificio deles, polo que non se poderán destinar en ningún caso á reprodución, e deberán cumprirse as garantías adicionais establecidas no artigo 10.4 e no protocolo para explotacións en que se produza unha seroconversión acordado no comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria

CAPÍTULO IV

Cualificación de provincia, illa, comarca veterinaria ou unidade veterinaria local como oficialmente indemne

Consideraranse como tales aquelas en que todas as explotacións incluídas nelas estean cualificadas como oficialmente indemnes da enfermidade de Aujeszky.

ANEXO IV

Táboa da mostra requirida para detectar a presenza de enfermidade nunha explotación

Cálculo do tamaño de mostra necesario para detectar a prevalencia do 2 por cento, cun grao de confianza do 95 por cento.

Censo total	Censo a controlar
1-50	Todos ata un máximo de 48
51-70	62
71-100	78
101-200	105
201-1200	138
>1200	145

Cálculo do tamaño de mostra necesario para detectar a prevalencia do 5 por cento, cun grao de confianza do 95 por cento.

Censo total	Censo a controlar
1-25	Todos
26-30	26
31-40	31
41-50	35
51-70	40
71-100	45
101-200	51
201-1200	57
>1200	59

Cálculo do tamaño de mostra necesario para detectar a prevalencia do 10 por cento, cun grao de confianza do 95 por cento.

Censo total	Censo que debe controlarse
1-15	Todos
16-20	16
21-40	21
41-100	25
101-250	27
251-1.000	28
+ de 1.000	29

ANEXO V

Normas relativas ás probas serolóxicas da enfermidade de Aujeszky. Controis sobre as probas de inmunoabsorción encimática (ELISA) para a detección de anticorpos contra o virus da enfermidade de Aujeszky (virus completo), contra a glicoproteína B (ADV-gB) ou contra a glicoproteína E (ADV-gE).

1. O Laboratorio Nacional de Referencia contrastará os kits ELISA ADV-gE mediante a aplicación dos criterios indicados nas alíneas a), b) e c) do número 2 deste anexo. A Subdirección Xeral de Medios de Produción do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño velará para que unicamente se rexistren os kits ELISA ADV-gE que cumpran os ditos requisitos. Os exames previstos nas alíneas a) e b) antes citados deberanse levar a cabo antes da autorización dos kits e posteriormente deberase someter cada lote, cando menos, ao exame sinalado na alínea c) antes da súa distribución.

2. Normalización, sensibilidade e especificidade da proba.

a) A sensibilidade da proba debe ser tal que os seguintes soros de referencia comunitarios proporcionen un resultado positivo.

Soro de referencia comunitario ADV1 nunha dilución de 1:8

Soro de referencia comunitario ADV-gE A.

Soro de referencia comunitario ADV-gE B.

Soro de referencia comunitario ADV-gE C.

Soro de referencia comunitario ADV-gE DE.

Soro de referencia comunitario ADV-gE E.

Soro de referencia comunitario ADV-gE F.

b) A especificidade da proba debe ser tal que os seguintes soros de referencia comunitarios proporcionen un resultado negativo:

Soro de referencia comunitario ADV-gE G.

Soro de referencia comunitario ADV-gE H.

Soro de referencia comunitario ADV-gE I.
Soro de referencia comunitario ADV-gE J.
Soro de referencia comunitario ADV-gE K.
Soro de referencia comunitario ADV-gE L.
Soro de referencia comunitario ADV-gE M.
Soro de referencia comunitario ADV-gE N.
Soro de referencia comunitario ADV-gE O.
Soro de referencia comunitario ADV-gE P.
Soro de referencia comunitario ADV-gE Q.

c) Para controlar os lotes, o soro de referencia comunitario ADV1 debe proporcionar un resultado positivo á dilución 1:8 e un dos soros de referencia comunitarios de ADV-gE G a ADV-gE Q da lista b) deberá dar un resultado negativo.

3. O Laboratorio Nacional de Referencia será o encargado de comprobar a técnica ELISA e, en particular, da produción e normalización de soros de referencia nacionais conforme os soros de referencia comunitarios.

ANEXO VI

Actuacións en explotacións de produción que se diagnosticasen como positivas a gE do virus da enfermidade de Aujeszky no control efectuado sobre o efectivo reprodutor

Nas explotacións de produción de ciclo pechado ou mixto que se diagnosticasen como positivas a gE do virus da enfermidade de Aujeszky no control efectuado sobre o efectivo reprodutor, establécese un control serolóxico obrigatorio dirixido a animais a final de ceba que deberá ser realizado no prazo dun mes desde a emisión do resultado do anterior.

O tamaño da mostra calcularase para determinar a presenza da enfermidade, suposta unha prevalencia mínima do 10 por cento, cun grao de confianza do 95 por cento, de acordo coa táboa do anexo IV.

No caso de explotacións de produción de leitóns e explotacións de produción en réxime extensivo que realicen a súa propia autorreposición de reprodutores, tomaranse como referencia os controis serolóxicos obrigatorios establecidos para os animais destinados a este fin.

En función dos resultados obtidos, estas explotacións clasificaranse en:

a) Explotacións de produción positivas activas: aquelas con diagnóstico serolóxico gE+ en animais reprodutores e de ceba.

b) Explotacións de produción positivas estables: aquelas con diagnóstico serolóxico gE+ en animais reprodutores e gE- en animais de ceba.

A) Actuacións en explotacións de produción positivas activas.

Cando nas explotacións de produción se detecten animais da fase de ceba seroloxicamente positivos, a autoridade competente someterá estas explotacións a un protocolo de actuación e vixilancia específico, que incluírá medidas de obrigado cumprimento co obxectivo de cortar a circulación vírica.

Para iso procederase da seguinte maneira:

1. Os servizos veterinarios dependentes da autoridade competente elaborarán no prazo máximo dun mes unha proposta de actuación específica para a explotación que recolla as medidas de intensificación do programa a realizar no referente a pauta e sistemática de vacinación, e demais medidas complementarias.

2. A autoridade competente establecerá un programa de seguimento serolóxico específico que terá como obxectivo evidenciar se se produciu de forma efectiva o cesamento de circulación viral, polo que estará dirixido a animais da fase de crecemento de ceba ou de idade equivalente en caso de animais de autorreposición. O intervalo máximo para a realización destes controis de seguimento específicos será de dous meses. A idade dos

animais investigados irase atrasando progresivamente ata, finalmente, realizalo sobre animais de fin de ceba.

3. A reposición da explotación quedará suspendida, tanto a externa como a de autorreposición, mentres non se logre o obxectivo de estabilización da explotación. Igualmente, ata que non se logre este obxectivo só se poderán enviar animais con destino a matadoiro.

4. A saída de animais da explotación só poderá autorizarse aos destinos e baixo as condicións e garantías establecidas neste real decreto. En calquera caso, impediranse cargas compartidas de animais e non se permitirá o acceso do vehículo á zona de actividade da explotación.

5. Aplicaranse estritas medidas de bioseguraza nestas granxas. Prohibirase a saída de xurros e esterco da explotación durante un período mínimo dun mes. Cando se autorice a aplicación de xurros en terras agrícolas, esta deberá realizarse evitando os días de vento, con sistemas de aplicación a baixa presión e gardando as máximas distancias de seguraza a outras explotacións porcinas.

6. Todas as medidas recollidas no programa de intensificación e seguimento específico para esa explotación serán recollidas nun documento e serán comunicadas oficialmente ao titular da explotación e ao veterinario responsable do programa nela. As medidas previstas neste documento pasarán a ser medidas de obrigado cumprimento a partir dese momento.

7. Os servizos veterinarios oficiais realizarán unha revisión xeral das actuacións, podendo estar presentes na toma de mostras. Igualmente, poderán levar a cabo controis serolóxicos aleatorios, dirixidos ou doutra natureza.

B) Actuacións en explotacións de produción positivas estables.

1. Naquelas explotacións de produción positivas en que a ceba permaneza negativa, pasarase a realizar un control serolóxico para a localización de reprodutores positivos.

Os servizos veterinarios oficiais dependentes da autoridade competente elaborarán unha proposta xustificada sobre a natureza e intensidade da mostraxe a realizar para a localización de reprodutores positivos, que poderá chegar ao 100% do censo reprodutor da explotación, e que incluírá tanto as femias reprodutoras como os machos (tanto os destinados a monta ou inseminación como aos recelas).

2. Procederáse á marcaxe oficial dos reprodutores que resulten positivos.

3. De acordo cos resultados obtidos e en particular considerando o número de reprodutores que resulten positivos en relación co censo total da explotación, establecerase un calendario pautado de eliminación de reprodutores positivos.

4. Cando se conclúa a eliminación dos reprodutores positivos, realizarase un novo control serolóxico cun tamaño de mostra que permita detectar a presenza da enfermidade cunha prevalencia mínima esperada do 5 por cento e un grao de confianza do 95 por cento, segundo a táboa do anexo IV.

ANEXO VII

Requisitos nos movementos dentro e cara a rexións do territorio nacional incluídas no anexo II da Decisión 2008/185/CE, da Comisión Europea, do 21 de febreiro de 2008

Establécense os seguintes requisitos nos movementos nacionais para vida de porcos cuxo destino final sexan explotacións situadas en territorio nacional incluído no anexo II da Decisión 2008/185/CE, da Comisión Europea, do 21 de febreiro de 2008, segundo se trate de porcos de cría ou de produción.

A) Porcos de cría.

1. Proceder de territorios libres, incluídos no anexo I da Decisión 2008/185/CE, da Comisión Europea, do 21 de febreiro de 2008, ou ben

2. Proceder de territorios nos que haxa un plan de loita aprobado, incluídos no anexo II da Decisión 2008/185/CE, da Comisión Europea, do 21 de febreiro, e dunha explotación cualificada como indemne ou oficialmente indemne da enfermidade de Aujeszky, ou ben

3. Cumprir as seguintes condicións:

1°. Deberá existir un plan de loita e erradicación da enfermidade de Aujeszky.

2°. Non deberá terse rexistrado na explotación de orixe dos animais ningún indicio clínico, patolóxico ou serolóxico da enfermidade de Aujeszky durante os últimos 12 meses.

3°. Terase mantido os animais illados, cando menos, os 30 días naturais anteriores á saída.

4°. Os porcos deberán ter sido sometidos, con resultados negativos, a unha proba serolóxica fronte a gE do virus da enfermidade de Aujeszky dentro dos 15 días naturais anteriores ao envío, cun tamaño de mostra que permita detectar a presenza da enfermidade cunha prevalencia mínima esperada do 2 por cento e un grao de confianza do 95 por cento, segundo a táboa do anexo IV.

5°. Os porcos terán vivido na explotación de orixe ou nunha explotación de estatuto equivalente desde o seu nacemento, e levarán na explotación de orixe, polo menos, 90 días naturais.

B) Porcos de produción.

1. Proceder de territorios libres, incluídos no anexo I da Decisión 2008/185/CE, da Comisión Europea, do 21 de febreiro de 2008, ou ben

2. Proceder de territorios nos que haxa un plan de loita aprobado, incluídos no anexo II da Decisión 2008/185/CE, da Comisión Europea do 21 de febreiro, e dunha explotación cualificada como indemne ou oficialmente indemne da enfermidade de Aujeszky, ou ben

3. Cumprir as seguintes condicións:

1°. Deberá existir un plan de loita e erradicación da enfermidade de Aujeszky.

2°. Non deberá terse rexistrado na explotación de orixe dos animais ningún indicio clínico, patolóxico ou serolóxico da enfermidade de Aujeszky durante os últimos 12 meses.

3°. Terase levado a cabo na explotación de orixe unha proba serolóxica fronte á gE do virus da enfermidade de Aujeszky con resultado negativo, entre os 45 e 170 días naturais anteriores ao envío dos animais, cun tamaño de mostra que permita detectar a presenza da enfermidade cunha prevalencia mínima esperada do 5 por cento e un grao de confianza do 95 por cento, segundo a táboa do anexo IV.

4°. Os porcos terán vivido na explotación de orixe desde o seu nacemento ou levarán nela cando menos 30 días naturais desde a súa chegada procedente doutra do mesmo estatuto e na que se levase a cabo un estudo serolóxico equivalente ao mencionado no número anterior.